

iniciarase ás 13.30 horas e finalizará ás 14.00 horas.

-Circunscrición de Teruel, terá lugar en Teruel, o día 23 de marzo de 2010, no Centro Cultural Ibercaja, estrada de Alcañiz, 14. O acto iniciarase ás 10.00 horas e finalizará ás 10.30 horas.

-Circunscrición de Valencia-Murcia (Valencia, Castellón, Alacante e Murcia), terá lugar en Valencia, o día 23 de marzo de 2010, na sede da oficina principal da entidade, rúa Roger de Lauria, nº 6. O acto iniciarase ás 13.30 horas e finalizará ás 14.00 horas.

-Circunscrición de La Rioja, terá lugar en Logroño, o día 26 de marzo de 2010, no salón de actos do Fogar do Xubilado «Virgen de la Esperanza», rúa San Antón, 5-7. O acto iniciarase ás 13.00 horas e finalizará ás 13.30 horas.

-Circunscrición de Zaragoza, terá lugar en Zaragoza, o día 27 de marzo de 2010, no salón de actos do Centro Ibercaja Patio de la Infanta, rúa San Ignacio de Loyola, nº 16. O acto iniciarase ás 11.00 horas e finalizará ás 12.00 horas.

Zaragoza, 29 de decembro de 2009.

Jesús Solchaga Loitegui  
Presidente da comisión electoral

## CENTRO EUROPEO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN DE GALICIA, S.A.

*Resolución do 4 de xaneiro de 2010 pola que se publican os convenios de colaboración subscritos polo Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. no terceiro cuadrimestre de 2009.*

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publícase a relación dos convenios de colaboración subscritos por *Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.* no terceiro cuadrimestre de 2009, que figuran no anexo.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2010.

Enrique Vila Sánchez  
Apoderado de *Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.*

### ANEXO

A. Convenios de colaboración (artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño).

| Asinantes   | Obxecto   | Data de sinatura | Achega de C.E.E.I. Galicia, S.A. 2009 |
|---|---|------------------|---------------------------------------|
| <i>Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.</i> e <i>Asociación Nacional de Ceeis Españoles</i> (Ances) | Organizar xornadas e seminarios nos que se difundan as intervencións dos fondos estruturais Feder | 19-10-2010       | Sen achega económica                  |

## CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

*Anuncio polo que se fai pública a resolución da Comisión de Valoración e Seguimento das listaxes de espera para a cobertura temporal de postos de traballo do consorcio, pola cal se aproban as listaxes provisórias de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e persoas excluídas, para a ampliación das listaxes de espera na categoría de educadores/as infantís da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, xerocultores/as da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, terapeutas ocupacionais da provincia de Lugo e Ourense e enfermeiros/as da provincia de Ourense.*

Este consorcio fai pública a Resolución do 14 de xaneiro de 2010, da Comisión de Valoración e Seguimento das listaxes de agarda para a cobertura temporal de postos de traballo do consorcio, pola cal se aproban as listaxes provisórias de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e persoas excluídas, para a ampliación das listaxes de agarda na categoría de educadores/as infantís da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, xerocultores/as da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, terapeutas ocupacionais da provincia de Lugo e Ourense e enfermeiros/as da provincia de Ourense.

O texto íntegro desta resolución e a listaxe das persoas que se atopan nesta situación están expostas no taboleiro de anuncios do consorcio, e na páxina web [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org).

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2010.

Roberto Rodríguez Martínez  
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

## MEDELLE SERVICIOS COMUNITARIOS, S. COOP. GALEGA

*Anuncio de balance de liquidación.*

En cumprimento do establecido no artigo 94.2º da Lei 5/1998, de cooperativas de Galicia, faise público que na asemblea xeral ordinaria, realizada o 30 de xuño de 2009, acordouse por unanimidade de votos a liquidación de *Medelle Servicios Comunitarios, S. Coop. Galega*, co seguinte balance final de liquidación e proxecto de distribución do activo:

|                                 |                  |
|---------------------------------|------------------|
| Capital social:                 | 8.150,51 euros.  |
| Fondo de reserva obrigatorio:   | 1.211,66 euros.  |
| Fondo de formación e promoción: | 2.000,79 euros.  |
| Acredores (débedas con socias): | 52.654,92 euros. |
| Tesouraría:                     | 63.965,93 euros. |
| Outros debedores:               | 51,95 euros.     |
| Total activo:                   | 64.017,88 euros. |
| Total pasivo:                   | 64.017,88 euros. |

Avión, 30 de xuño de 2009.

Mª Esther Pérez Enríquez  
Liquidadora